

Estimado Señor/a :

A través do presente escrito poñemos no seu coñecemento que a Federación Galega de Tríatlon e Péntatlon Moderno, ven de presentar a **candidatura de FRANCISCO JAVIER GÓMEZ NOYA ó Premio Príncipe de Asturias, na Modalidade de Deportes.**

Sublíñase que a presentación da candidatura se realizou non só en base os resultados deportivos, senón tamén en base á capacidade de superación e sacrificio que demostrou ter o deportista cando foi privado de competir, entre 3-4 anos, coa selección e de poder participar en grandes competicións. Nun deporte de fondo e resistencia, que polo tanto precisa de moitísimas horas de dedicación para poder estar na elite, Javi Gómez, superou os atrancos con creces e unha vez “*desenvolto o entorto*” está de novo entre os mellores e ó máis alto nivel.

Por todo iso queremos que se premie o esforzo, sacrificio e calidade deportiva e humana de Javier.

Sabendo do coñecemento e seguimento desa institución da traxectoria de Javi Gómez Noya, **solicitámoslles o seu apoio a candidatura** presentada a través dun escrito que poden facer chegar directamente ó enderezo que se achega a continuación, para que a Federación Galega de Tríatlon promotora da candidatura poida achegalo ó expediente xa presentado ós premios príncipe de Asturias

<p>Enderezo para envío do escrito de apoio: Federación Galega de Tríatlon e Péntatlon Moderno Rúa Castelao, 21, Ent. 2 27001.- Lugo</p>
--

Aproveitando a ocasión, reciban un cordial saúdo, en Ferrol a 14 de abril do 2011.

Asdo.: Cali Formoso Pita
Presidente do Club Triatlón Ferrol